

RESOLUCIÓN

Nº Expediente: 2022/CONTRAT/000004

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO, DENOMINADO “APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2022- 2023”

Vista a Providencia da Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación que figura no expediente, na que se ordena que se incoe o procedemento para a contratación da execución do servizo denominado “APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2022-2023”, figurando as características da mesma na documentación recibida polo Departamento de Contratación do Concello de Oleiros enviada polo Departamento de Servizos Sociais, na que figuran as propostas de gasto, a Memoria explicativa de data 21 de xaneiro de 2022 e os Pregos de Prescricións Técnicas, asinados o 21 de xaneiro de 2022.

Visto que o orzamento da presente licitación é de 45.435,46 €, ao que se lle suma un 10% de IVE (4.543,55 €), o que supón un importe de 49.979,01 € IVE engadido; o cal se desagrega en tres lotes divididos do seguinte xeito:

LOTE	IMPORTE SEN IVE	IVE 10%	TOTAL CON IVE
1. Actividades de apoio terapéutico as persoas coidadoras	19.104,01 €	1.910,40 €	21.014,41 €
2. Realización da actividade “Estimulación”, intervención con persoas con deterioro cognitivo en fase inicial da enfermidade de Alzheimer e outras demencias dexenerativas	23.259,71 €	2.325,97 €	25.585,68 €
3. Realización da actividade “Paseo dos sentidos”, intervención con persoas que asisten a “Coidando emocións”	3.071,75 €	307,17 €	3.378,92 €
TOTAL	45.435,46 €	4.543,55 €	49.979,01 €

O prazo de execución do referido contrato vai do 1 de abril de 2022 ao 31 de decembro de 2023, prorrogable mediante unha prórroga de DOUS (2) anos de duración, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 99.958,02 €.





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

Visto que con data 24 de xaneiro de 2022, se emite informe xurídico pola Secretaría Municipal, no que se indica, entre outras disposicións relativas ao procedemento administrativo, que se ha de tramitar a contratación mediante un procedemento aberto consonte ao artigo 156 LCSP, e visto tamén que o expediente se acompaña dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas, redactados conforme ao establecido na lexislación para a tramitación dun procedemento aberto.

Visto que, no relativo á financiación, se emitiu informe pola intervención municipal con data 1 de febreiro de 2022, no que manifesta a existencia de consignación orzamentaria e se fiscaliza de conformidade o expediente, realizando as seguintes Retencións de Crédito (RC):

LOTE	ANUALIDAD E	PARTIDA ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
1	2022	70.231.22799	RC 202200004121	10.507,20 €
	2023	70.231.22799	RCFUT1 202200004123	10.507,21 €
2	2022	70.231.22799	RC 202200004118	12.792,83 €
	2023	70.231.22799	RCFUT1 202200004124	12.792,85 €
3	2022	70.231.22799	RC 202200004122	1.689,45 €
	2023	70.231.22799	RCFUT1 202200004125	1.689,47 €
TOTAL				49.979,01 €

Tal e como establece o artigo 174.1 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e o R.D 500/90 que a desenvolve, a autorización e o compromiso deste gasto subordinarase ao crédito que para o exercicio 2023 se consigne no respectivo orzamento.

O artigo 119 LCSP indica que poderán ser obxecto de tramitación urgente os expedientes correspondentes aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público. A tales efectos o expediente deberá conter a declaración de urxencia feita polo órgano de contratación, debidamente motivada.

Así, para o presente caso considérase de interese público a adxudicación á maior brevidade posible do contrato porque se trata dun servizo que conta con boa acollida no Concello de Oleiros e que axuda a preservar a saúde tanto física como emocional das familias que contan con algún membro en situación de dependencia. No momento actual, deben entenderse este tipo de actuacións como de carácter prioritario polo grave deterioro emocional incrementada pola crise da COVID-19. A causa da situación desatada por esta enfermidade, con confinamentos e redución dos contactos sociais, impediú as intervencións axeitadas para minimizar os efectos na familia e na persoa dos procesos de saúde que ocasionan unha dependencia. A redución dos contactos sociais, o peche dos centros de día, as dificultades para o acceso





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL Contratación e Patrimonio

aos recursos sociais, non fixo máis que agravar as situacións ocasionando un estado de máxima urxencia nestes colectivos que requiren intervencións continuadas para restaurar a saúde emocional, social e cognitiva das persoas implicadas. É por isto que se entende que se debe realizar a contratación nun lapso curto de tempo, para dar comezo ás actividades o 19 de xaneiro e dar continuidade ao servizo, xustificándoo en razóns de interese público.

Non foi ata o mes de outubro de 2021 cando se coñeceron definitivamente as normas que se ían aplicar durante esta tempada de outono-inverno para a prevención da COVID, sendo moi dificultoso e ineficiente planificar as actividades sen coñecer os aforos e medidas a adoptar para a celebración das enfermidades.

A chegada da variante Ómicron en decembro de 2021 a España xerou un ambiente de incerteza sobre o posible impacto que podería ter na poboación, pensándose nun primeiro momento que podería ser máis agresiva e mortífera que as cepas xa coñecidas anteriormente; é a finais de decembro cando se produce unha chamada á calma por parte da comunidade científica, que nos indica que Ómicron gaña terreo en España, xa que súa maior capacidade infecciosa fixo que consiga desprazar a variante Delta e espérase que, nas próximas semanas, chegue a ser a variante dominante en todo o territorio. Novos datos abren unha porta ao optimismo, ao confirmar a menor capacidade desta cepa para provocar casos graves da enfermidade e ingresos clínicos. Os resultados dun recente estudo, publicado na plataforma MedRxiv reflicten unha redución do 80 por cento no risco de hospitalización en persoas contaxiadas coa variante surafricana en comparación con Delta.

A maiores, recentemente foron impostas novas restriccións para tratar de paliar a sexta ola da pandemia, coincidente coas festas de Nadal.

É por iso que, unha vez coñecidas as normas e directrices a aplicar, se pretende facer a contratación no menor tempo posible, para que os maiores poidan comezar as actividades no mes de xaneiro a máis tardar.

Os expedientes cualificados de urxentes tramitaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, coas seguintes especialidades:

- a) Os expedientes gozarán de preferencia para o seu despacho polos distintos órganos que interveñan na tramitación, que dispoñerán dun prazo de cinco días para emitir os respectivos informes ou cumprimentar os trámites correspondentes.
- b) Acordada a apertura do procedemento de adxudicación, os prazos establecidos nesta Lei para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade, salvo os seguintes:
 1. O prazo de quince días hábiles establecido no apartado 3 do artigo 153, como período de espera antes da formalización do contrato.
 2. O prazo de presentación de proposicións no procedemento aberto nos contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada, que se poderá reducir de conformidade co indicado na letra b) do apartado 3) do artigo 156.





3. Os prazos de presentación de solicitudes e de proposicións nos procedementos restrinxido e de licitación con negociación nos contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada, que se poderán reducir segundo o establecido no segundo parágrafo do apartado 1 do artigo 161 e na letra b) do apartado 1 do artigo 164, segundo o caso.
 4. Os prazos de presentación de solicitudes nos procedementos de diálogo competitivo e de asociación para a innovación en contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada, non serán susceptibles de reducirse.
 5. O prazo de 6 días como moi tarde antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, para que os servizos dependentes do órgano de contratación faciliten ao candidato ou licitador a información adicional solicitada, será de 4 días como moi tarde antes de que finalice o citado prazo nos contratos de obras, subministracións e servizos suxeitos a regulación harmonizada sempre que se adxudiquen por procedementos aberto e restrinxido. A redución anterior non se aplicará aos citados contratos cando o procedemento de adxudicación sexa un distinto do aberto ou do restrinxido.
 6. Os prazos establecidos no artigo 159 respecto a a tramitación do procedemento aberto simplificado, de conformidade co sinalado no apartado 5 do devandito artigo.
 7. As reducións de prazo establecidas nos puntos 2.º, 3.º e 5.º anteriores non se aplicarán na adxudicación dos contratos de concesións de obras e concesións de servizos suxeitos a regulación harmonizada calquera que sexa o procedemento de adxudicación utilizado, non sendo os prazos a que se refiren devanditos puntos, nestes contratos, susceptibles de redución algunha.
- c) O prazo de inicio da execución do contrato non poderá exceder dun mes, contado desde a formalización.

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP, e considerando as atribucións conferidas a esta Tenencia de Alcaldía mediante Decreto 2619/2019, de 20 de xuño, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente para a contratación do servizo de “APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2022-2023”, polo importe de 45.435,46 €, ao que se lle suma un 10% de IVE (4.543,55 €), o que supón un importe de 49.979,01 € IVE engadido; o cal se desagrega en tres lotes divididos do seguinte xeito:

LOTE	IMPORTE SEN IVE	IVE 10%	TOTAL CON IVE
1. Actividades de apoio terapéutico as	19.104,01 €	1.910,40	21.014,41 €





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

persoas cuidadoras		€	
2. Realización da actividade “Estimulación”, intervención con persoas con deterioro cognitivo en fase inicial da enfermidade de Alzheimer e outras demencias dexenerativas	23.259,71 €	2.325,97 €	25.585,68 €
3. Realización da actividade “Paseo dos sentidos”, intervención con persoas que asisten a “Coidando emocións”	3.071,75 €	307,17 €	3.378,92 €
TOTAL	45.435,46 €	4.543,55 €	49.979,01 €

O prazo de execución do referido contrato vai do 1 de abril de 2022 ao 31 de decembro de 2023, prorrogable mediante unha prórroga de DOUS (2) anos de duración, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 99.958,02 €.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que figuran no expediente e que rexerán o contrato.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto correspondente que comporta o presente contrato, unha vez que xa foi retido o crédito segundo se desprende das operacións “RC” que se sinalan a continuación:

LOTE	ANUALIDADE	PARTIDA ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
1	2022	70.231.22799	RC 202200004121	10.507,20 €
	2023	70.231.22799	RCFUT1 202200004123	10.507,21 €
2	2022	70.231.22799	RC 202200004118	12.792,83 €
	2023	70.231.22799	RCFUT1 202200004124	12.792,85 €
3	2022	70.231.22799	RC 202200004122	1.689,45 €
	2023	70.231.22799	RCFUT1 202200004125	1.689,47 €
TOTAL				49.979,01 €

Tal e como establece o artigo 174.1 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e o R.D 500/90 que a desenvolve, a autorización e o compromiso deste gasto subordinarase ao crédito que para o exercicio 2023 se consigne no respectivo orzamento.

CUARTO.- Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de oito (8) días naturais, a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación.





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

QUINTO.- Dar traslado aos departamentos municipais correspondentes e aos interesados, debido aos efectos implícitos ao acto administrativo, así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

SEXTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Primeira Tenente da Alcaldía, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

